

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO DÉCIMO PRIMEIRO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MÓDULOS PREFABRICADOS PARA FORMACIÓN DE RECINTOS DE ILLAS DE SUPERFICIE DE COLECTORES DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS.-

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 21 de outubro de 2014, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento aberto que se segue para a contratación do subministro de **“módulos prefabricados para formación de recintos de illas de superficie de colectores de residuos sólidos urbanos.”**

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a devandita obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización do subministro de “módulos prefabricados para formación de recintos de illas de superficie de colectores de residuos sólidos urbanos.” á empresa **ASÚA BG 96 SL**, con CIF B-48794929, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e oito mil oitocentos oitenta e oito euros e sesenta e cinco céntimos **(28.888,65.- Euros)**, sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de seis mil sesenta e seis euros e sesenta e dous céntimos **(6.066,62.- €)**.

C. Prazo de entrega dos bens a subministrar: O prazo de entrega e instalación da totalidade dos bens será de **20 días naturais**, que contarán desde a formalización do contrato administrativo de subministración dos bens.

D.- O adxudicatario ingresou na conta do Concello (Abanca) o importe total (935,99) correspondente ós anuncios de licitación, concretamente 239,03 (BOP) e 696,96 (El Correo Gallego).

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ó alcalde para cantas actuacións de tramite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a sete de novembro de 2014, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro